



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/1/2014	CONYI0C8
311R1K0H0B4K142F1D2L	

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA PARA A PUNTUACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS E POSTERIOR PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE NARÓN

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, alcalde-presidente.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, secretario xeral.

D. Manuel G. Antón Villamil, interventor accidental.

D. Guillermo Sánchez Fojo, concelleiro delegado de Seguridade Cidadá.

D. Eduardo Pita García, intendente-xefe da Policía Local

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, xefe da sección de Contratación.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, coa asistencia das persoas anteditas, en cumprimento do previsto no Texto refundido da lei de contratos do sector público e no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os tres puntos da orde do día:

- Dar conta dos dous informes técnicos emitidos referente á valoración da xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa API MOVILIDAD SA.
- Puntuación das ofertas económicas.
- Proposta de adxudicación.

Sendo as 10 horas do día 27 de maio de 2014, réunese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan para dar conta do informe técnico emitido polo oficial da Policía Local José Antonio Carballido Vázquez con data de 19 de maio de 2014 e que estima que para considerar xustificada a baixa presentada pola empresa se bota en falta un estudio económico que avale todos os argumentos alegados pola empresa API MOVILIDAD SA.

Con base neste informe, con data de 21 de maio deste ano, a alcaldía deste concello requirelle á citada empresa a presentación deste estudio, e tralo exame do mesmo, o oficial da Policía Local citado, segundo informe de 23 de maio de 2014, considera que a baixa presentada pola empresa API MOVILIDAD SA está xustificada e polo tanto pode ser cumprida.

Esta Mesa de Contratación, tralo estudio das aclaracións da oferta realizadas pola empresa, e os dous informes emitidos polo oficial da Policía Local José Antonio Carballido Vázquez, fai seu o criterio deste técnico, e acorda aceptar a oferta económica presentada por API MOVILIDAD SA, e proceder por tanto, á puntuación de todas as ofertas económicas admitidas.

Neste sentido, vistas as ofertas económicas e segundo o disposto na cláusula 9.2 do prego de cláusulas administrativas particulares que rixe esta contratación, resultan as seguintes puntuacións:



CONCELLO DE NARÓN

LICITADORES	% DE BAIXA RESPECTO OS PREZOS UNITARIOS	PUNTUACIÓN
PARQUET ALBANESE	15%	26,84
PACASA	16,75%	29,97
API MOVILIDAD	28,50%	51
TUIMIL	5%	8,95
PROSEÑAL	10%	17,89
BARRERAS DE SEGURIDAD	9%	16,11
DIEZ Y COMPAÑÍA	18%	32,21
BELELLE FERROL	22%	39,37
SALUDES	15%	26,84

Tendo en conta todos os criterios de puntuación recollidos nos pregos, a puntuación total de todas as ofertas presentadas é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN REFERENCIAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN TOTAL
PARQUET ALBANESE	26,84	5	31,84
PACASA	29,97	35	64,97
API MOVILIDAD	51	46	97
TUIMIL	8,95	15	23,95
PROSEÑAL	17,89	43	60,89
BARRERAS DE SEGURIDAD	16,11	27	43,11
DIEZ Y COMPAÑÍA	32,21	31	63,21
BELELLE FERROL	39,37	6	45,37
SALUDES	26,84	2	28,84

Esta Mesa de Contratación, con base no resultado das puntuacións anteriormente especificadas, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa API MOVILIDAD SA por considerar a súa oferta a economicamente máis vantaxosa ao obter a puntuación máis alta, unha vez valorados todos os criterios de puntuación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 13 horas e 35 minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente.